

ASUNTO: Recordatorio do procedemento para a concesión de permisos e licenzas do Persoal Docente e Investigador (PDI).

Lembrase que para que o PDI poida solicitar permisos e/ou licenzas para realizar actividades docentes e investigadoras nunha universidade, institución ou centro nacional ou estranxeiro por períodos superiores a quince días naturais e de duración igual ou inferior a tres meses, é preciso presentar a solicitude cunha **antelación mínima de sete días naturais sobre o inicio previsto da estadía**. Cando o período sexa superior a tres meses a solicitude farase cunha **antelación mínima de 30 días naturais**, como se recolle na NORMATIVA DE PERMISOS E LICENZAS DO PDI (Aprobada polo Consello de Goberno de 05/10/2005 e modificada polo Consello de Goberno de 20/04/2009).

Non se poderá iniciar ese permiso ou licenza sen unha autorización, por escrito, da Universidade de Vigo, que terá a forma de resolución firmada pola vicerreitora de PDI, quen ten delegadas as competencias.

A solicitude de permiso debe vir acompañada (i) dun documento no que se acredite que a institución receptora acepta a estadía da persoa solicitante e (ii) do informe favorable do Consello de Departamento no que debe indicarse, se procede, quen substitúe temporalmente a/o docente durante a súa ausencia. No documento da institución receptora deberá figurar o logotipo da institución coa súa denominación e dirección postal completas e as datas da estadía, que deben coincidir co período solicitado, e vir asinado pola persoa responsable.

No caso do persoal investigador predoutoral non é preciso indicar a substitución, dado que só pode ter docencia en simultaneidade, pero si debe indicarse cando proceda: (i) o cambio da súa docencia, en caso de que coincida co período de estadía solicitado ou (ii) que renuncia a impartir a docencia asignada, cando coincida coa estadía e non proceda o seu cambio.

A vicerreitora de Persoal Docente e Investigador

Rebeca P. Díaz Redondo

